

Rosa Cedrón



Nada que perder | 13.05.16

Despois dun longo silencio trala publicación de "Entre dous mares", Rosa retorna con "Nada que perder". Nel experimenta cos lindes da world music sen clichés nin estereotipos que a deteñan, logrando un disco cheo de luz onde as súas propias composicións son a mellor mostra da atmósfera persoalísima que só Rosa pode chegar a crear.



Entre dous mares

Entre dous mares (2007, Warner) supuxo unha dose de aire fresco nunha atmósfera musical viciada por un alongado encerro en sí mesma. Eloxiado por crítica e público, conseguiu o recoñecemento de Rosa Cedrón, por méritos propios, nunha nova artista a ter en conta no eido do folk e da world music a nivel mundial. Isto levouna a xirar por toda España e a tocar en cidades como Nova Iorque, Toulouse, Bos Aires, Mar de Plata ou en festivais do prestixio do Interceltique de Lorient, Facing the Atlantic en Stirling (Escocia) ou Les Goûts de Gand en Gand (Bélgica).

Reafirmación como solista

Avanzar musical e persoalmente era o obxectivo de Rosa Cedrón cando iniciou a súa aventura en solitario con *Entre dous mares*. Rosa foi quen de tecer, a media distancia, unha particular ponte entre as súas ansias compositivas e a música que a definira ata entón.

En '*Nada que perder*', toma a dirección dunha evolución natural, sen medo a dar renda solta á creatividade, experimentando para as súas melodías con novas sonoridades e texturas que poñen en relevo a súa proposta máis ariscada e persoal.

As composicións

Rosa compuxo cada unha das melodías que forman parte de '*Nada que perder*', configurando un repertorio coas súas propias creacións, melodías coidadas e feitas á medida para a súa grande voz.

Miguel Arthus e Josh Prada son os autores dalgunhas das letras do álbum, imprimindo poesía en cada unha das súas participacións e ornamentando o universo vocal de Rosa Cedrón.

As linguas

Sen prexuízos condicionantes, desde a liberdade de quen se expresa coa máis profunda sinceridade, Rosa quixo reflectir a súa experiencia vital no percorrido de '*Entre dous mares*': a excelente acollida que tivo o seu traballo en países como Francia, Bélxica ou Escocia foron fonte de inspiración decisiva para o seu novo álbum.

A música, como llinguaxe universal, expresado en diferentes idiomas, reflexo do legado enriquecedor do seu paso polo mundo: galego, inglés, español e francés, teñen cabida en '*Nada que perder*'.

Reconciliación co cello

Parte fundamental deste proxecto é a reconciliación co instrumento que situou a Rosa na órbita musical.

Rosa soubo integrar con éxito o cello nun disco que abarca un sinfín de estilos musicais rendíndolle a súa particular homenaxe nunha portada onde se expón, ao desnudo e coa súa única compañía ao xuízo do seu público máis fiel.

Nada que perder

1. Un desert dans tens mains
2. No seré yo
3. Promises
4. Sérénade
5. Sablier
6. Benditas Feridas
7. Red Velvet
8. The Seagulls dance
9. Lia soños
10. Tu libertad



Javier Cedrón

Miguel Arthus

Victor Gacio

f o r m a c i ó n

Irmán de Rosa Cedrón e compañeiro desde o inicio da súa carreira en solitario. É un dos violinistas máis renovadores e activos do panorama musical nacional.

violín

Compositor, pianista e cantante. A súa xuventude e talento fan deste virtuoso un valor en alza. Os seus pianos aportan o chumbo preciso para arroupar a voz de Rosa Cedrón sen perder protagonismo.

piano e coros

Co seu exquisito tratamento musical e a súa ampla formación convértense no mellor aliado para conseguir un resultado homoxéneo e brillante.

baixo, teclado e bases

A súa voz gravou innumerables cancións no corazón dos galegos. Converteuse en buque insignia dunha nova xeración de músicos que coidaron cada detalle, cada nota, cada expresión, imprimindo modernidade na tradición.

Rosa Cedrón é a única artista galega que usou a versatilidade como arma natural para proxectarse internacionalmente. A súa participación en ambiciosos proxectos levárona a infiltrarse maxistralmente en estilos tan dispares como o bolero ou o jazz. Aínda que, sin dúbida, o seu gran mérito foi a inxección de aire fresco coa que dotou ao folk gallego durante a súa traxectoria en Luar na Lubre.

Volveuse icono da imaxe feminina da música galega, reunindo as calidades perfectas para erixirse con trono: a súa xuventude e a súa frescura tomaron as rendas dunha cadencia suave que envolveu cada unha das súas incursións no panorama musical.

A súa expresividade, a súa innata elegancia e a beleza plástica do seu estilo fixo que Mike Oldfield pousase nela os seus ollos para facela partícipe non só dun dos seus temas, senón de numerosas presentacións musicais nas capitais mundiais da cultura. Rosa Cedrón obtivo, por dereito, o aplauso da crítica mundial e, sen renunciar a imprimir o seu particular selo, converteuse na voz máis internacional de Galicia de todos os tempos.



Rosa Cedrón discografía

2007 | Entre dous mares

Con Luar na Lubre:

1997|Plenilunio|**1999**|Cabo do mundo|**2001**|XV Aniversario|**2002**|Espiral|**2004**|Hai un paraíso

Colaboracións:

1998 Tubular Bells III.
Mike Oldfield

2002 Máis Vida.
BSO "Illegal"

2002 Sigues siendo mío.
Barbería del sur

2003 Yo quiero que tu sufras.
BSO "Blanca Madison"

2006 Cancionista.
Antonio Placer

2010 Muller.
Soas (con Cristina Pato)

2013 Cantando a Galicia.
Sito Sedes, Paco Lodeiro

créditos

gravado e mesturado en
Nakra estudios

enxeñeiros de son
Pachi Baldomir , José Puga e Iago Lorenzo

producción artística
Iago Lorenzo

mastering
Rober Seibel para SAE mastering

producción executiva
Patricia Hermida

músico invitado
Iago Lorenzo

estilismo e fotografía
Antonio Calvo

deseño
Yago García



a temática

As emocións humanas básicas (o amor no seu máis amplo espectro, o medo, a tristura, a paixón) son a temática recorrente de 'Nada que perder', un disco que naceu das sombras para sumirse nun profundo proceso de investigación e experimentación e acabar converténdose nunha catarse persoal cuxo resultado desembocou nun espectro musical indefinible. Desde a atmósfera onírica do subconsciente de 'Lúa soños' ata a aprendizaxe das experiencias negativas de 'Benditas feridas' pasando pola sensualidade máis pura de 'Serénome' ou 'Un desert dans tens mains'.

A realización dos anhelos persoais como reafirmación da liberdade en 'Tu libertad', o amor verdadeiro como piar dos avatares da vida en 'Promises', ou convertido na ternura de 'Sablier', a incondicionalidade do sentimento de 'Red Velvet' ou "No seré yo".

Xunto con elas, un tema instrumental de extrema beleza, 'The Seagulls dance', un chisco a súa anterior etapa profesional onde o cello cobra un protagonismo máis que merecido.

Management, booking e prensa

mare
mare

Rúa da Paz, 12 baixo

15189 Fonteculler A Coruña

981.652091 | 661.504026

www.mareproduccion.com

www.rosacedron.com

hermida@mareproduccion.com